



[compostela@cig-saude.org](mailto:compostela@cig-saude.org)

DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN  
DE RECURSOS HUMANOS  
SERGAS.

**Alegacións de CIG-Saúde ao borrador do proxecto de decreto de integración no réxime estatutario do persoal laboral de fundacións e empresas públicas.**

Na negociación inicial que deu lugar a este borrador o sentir era a publicación dun decreto que posibilitara a estatutarización de todo o persoal laboral das fundacións e empresas pública. A pesares disto, o borrador que hoxe se presenta ás organizacións sindicais, contén demasiadas reservas para que se produza unha plena integración do persoal laboral.

A negociación deste borrador hai que contextualizala nun marco de política sanitaria diferente á etapa anterior, e tendo en conta os compromisos adquiridos pola Conselleira de Sanidade.

O borrador presentado fai constantemente referencias á lexislación vixente e a natureza xurídica da fundación e empresa pública, sen deixar aberta a posibilidade ás modificacións que permita a estatutarización deste persoal.

No referente ao articulado, a CIG-Saúde presenta os seguintes temas, que entendemos deben ser obxecto de debate e negociación.

**Artg 3.-** Procesos de integración.

Retirar do texto: Así mesmo, as ordes de integración poderán excepciónar da medida postos de traballo singulares que deban reservarse ao réxime xurídico laboral.

**Artg 4.-** En situación de excedencia . Propoñemos que se substitúa a redacción deste borrador pola redacción do decreto 447/96.

**Artg 6.-** Persoal temporal. Os postos de traballo do cadro de persoal das fundacións e empresa públicas desempeñados por persoal temporal, transformaranse, logo da súa amortización no anterior réxime, en prazas de carácter estatutario.

**Artg. 7.2. Condicións da integración.**

Táboas de correspondencia, nas que se relacionará as categorías laborais orixinarias e as correlativas estatutarias. Mantendo as categorías estatutarias vixentes nos centros sanitarios. Non se poderán estatutarizar Persoal de servizos xerais en atención especializada. Posibilitarase a homologación por funcións PSX = Auxiliar administrativo de atención especializada.

5.- O persoal que no intre de realizar a opción de integración estivese realizando traballos de superior categoría, recoñeceráselle a situación de promoción interna

6.- O persoal integrado no réxime estatutario, respetaráselle, para todos os efectos, a antigüidade que posúa .

Non se integrarán no réxime estatutario xornadas a tempo parcial, salvo as que resulten aplicabeis nos supostos de redución de xornada establecidos na lexislación vixente.

**Artg. 8. Efectos da integración.**

Réxime retributivo. Manterase a retribución da contía superior cando coincida nocturnidade e xornada feirada. Acordo asinado na acta final do 7 de agosto de 2003, punto 9º do persoal estatutario

Complemento persoal transitorio. O texto do decreto debe recoller como se calcula dito complemento, segundo o acordado no punto 10º da acta nº 12 da comisión negociadora do convenio colectivo de 1 de marzo de 2005.

Para o cálculo do CPT non se terán en conta as cantidades percibidas en concepto de atención continuada, dispoñibilidade horaria, programas especiais, CPV por cumprimento de obxetivos, actividade nocturna e feirada, realización de horas extras, retribucións de carreira profesional, complemento de posto, así como calquer outro equiparábel.

3.- Regular a situación do persoal laboral que opte pola integración desde a situación de excedencia á que se refire o punto 3 do artg. 38 do convenio colectivo.

O persoal con vínculo de interinidade no Sergas, estatutarizárase desde esta praza. A praza desempeñada con carácter provisional será incluída na 1ª convocatoria de mobilidade voluntaria que se efectue. Este persoal estará obrigado a solicitar todas as prazas ofertadas na área sanitaria correspondente.

**Artg 10.-** Selección de persoal. O persoal das fundacións e empresas públicas poderán participar na 1ª convocatoria de mobilidade voluntaria e na quenda de promoción interna que convoque o Sergas. De publicarse antes a convocatoria de mobilidade que a orde de integración, o persoal laboral poderá participar condicionado á súa integración como persoal estatutario.

Regular os procedementos de selección temporal.

**Artg 11 .-** Carreira profesional. Procedemento e requisitos de aplicación ao persoal estatutario.

Incorporación á carreira de licenciados e diplomados sanitarios en xaneiro de 2007.

#### **Disposicións adicionais .**

Persoal laboral fixo de formación profesional que non dispoñan da titulación exixida pola normativa vixente, poderá exercer a opción de integración “ *ad personam*”.

Integración do persoal laboral fixo de formación profesional que dispoña dunha titulación sanitaria que non corresponda ás funcións que realiza; técnicos con titulación de anatomía patolóxica en prazas de técnicos de laboratorio.

As prazas do CTG sometidas a proceso xudicial non sairán convocadas na oferta de emprego. Unha vez resolto este proceso, ofertarase ao persoal seleccionado a integración

**Disposicións transitoria.**

A CIG-Saúde defende a prestación de servizo en réxime de exclusividade para todo o persoal. A pesares disto entendemos que non se pode excluír da aplicación do decreto 11/ 95, do 20 de xaneiro, de solicitudes e renuncias, ao persoal laboral opte pola integración e que na actualidade preste servizos en réxime de exclusividade.

Compostela, 14 de febreiro de 2006.